

QUE É O SAMAÍN?

Samaín é a festividade de orixe celta máis importante do período pagán que dominou Europa ata a súa conversión ao cristianismo.

QUE SIGNIFICA SAMAÍN E CANDO SE CELEBRA?

A súa etimoloxía é gaélica e significa “fin do verán”. Celebrábase ao final da tempada das colleitas. Era considerado como o “ano novo” celta que comezaba coa estación escura. Esta data era o 31 de outubro no hemisferio norte e o 1 de maio no hemisferio sur. Era unha das noites dos espíritos, sendo a outra Beltane.

DESDE CANDO E ONDE?

Celébrase dende hai máis de tres mil anos polos pobos celtas que poboaron toda Europa. En Iberia estiveron en Galicia, no norte de Portugal, nalgunhas zonas de Asturias, Cantabria, País Vasco, Navarra e gran parte de León.

EN QUE CONSISTÍA O SAMAÍN?

O obxecto principal era venerar aos ancestros. Din que os espíritos dos antepasados aproveitaban a festa para visitar os seus antigos fogares. Para manter aos espíritos contentos e afastar aos malos deixaban comida fóra. Tamén era costume baleirar nabos cunha candeia acesa dentro.



**BENVIDOS AO
SAMAÍN**

**CEIP CABANAS
2023**

QUE FAREMOS NA NOSA ESCOLA?

Faremos:

1. Unha exposición de **CABAZAS**.

Nesta ocasión sería convinte que as cabazas veñan enteiras e adornadas con temática de MEDO ou DEPORTIVA porque, neste curso, o proxecto que imos traballar todo o centro, é “As Olimpíadas de Cabanas”.

2. Exposición de **ADORNOS de outono** (con follas, pauciños, landras, castañas,...)

3. **CURTAS polo Samaín en galego.**

Esta actividade consiste en gravar un pequeno vídeo de, como mínimo 1 minuto de duración e non máis de 5 minutos, no que se fale en galego con temas de Samaín.

Podedes facelo en familia, c@s amig@s do cole, individuais, con disfraces, obxectos de medo,...

Empregade a imaxinación para sorprendernos a tod@s!!!

Destas tres opcións de actividades podedes facer, as tres, dúas delas ou unha soa.

As cabazas pódense traer a partir do MARTES 24 de OUTUBRO e voltarán á casa o MARTES 31. Para poder recoñecelas non esquezades ponerlle o nome e o curso.

As curtas podedes envialas gravadas nun PEN DRIVE e que as entreguen aos profes.

O día 31 o alumnado poderá vir vestido ao cole de pantasma, morcegos, bruxas, esqueletos, monstros,... Reciclade bolsas de lixo, roupas velhas, maquillaxes,

Animádevos a participar para celebrar o Samaín dun xeito divertido e creativo!!!